

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**Modelo MD75PRO01**

**Programación**

**Música tradicional galega.**

**Curso 2015-16**

**Profesorado: MIGUEL ANGEL LOPEZ FARIÑA**

## Índice

---

<b>1. Introducción</b>	<b>3</b>
<b>2. Obxectivos xerais das ensinanzas</b>	<b>3</b>
<b>3. Obxectivos específicos</b>	<b>3</b>
3.1 Grao elemental	3
3.2 Grao profesional	3
<b>4. Secuenciación do curso</b>	<b>4</b>
Curso:	4
4.1 Obxectivos	4
4.2 Contidos	4
4.3 Avaliación	4
4.3.1 Criterios de avaliación	4
4.3.2 Mínimos esixibles	4
4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	4
4.3.4 Criterios de cualificación	4
4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	4
4.4 Medidas de recuperación	4
4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios	5
4.4.2 Probas extraordinarias de setembro	5
4.5 Recursos didácticos	5
<b>5. Metodoloxía</b>	<b>6</b>
<b>6. Atención á diversidade</b>	<b>6</b>
<b>7. Temas transversais</b>	<b>6</b>
7.1 Educación en valores	6
7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	6
<b>8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas</b>	<b>6</b>
<b>9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica</b>	<b>6</b>
<b>10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento</b>	<b>6</b>
ANEXOS	7

## 1. **Introdución**

---

Toda iniciativa destinada a incluír a cultura tradicional ou popular de Galicia na ensinanza, especialmente nos seus primeiros niveis, parte dunha carencia. Na actualidade, e a excepción dalgunhas parciais e breves experiencias desenvolvidas nuns poucos centros escolares, o folclore, en sentido estricto, non é unha materia curricular.

En consecuencia, apréciase unha xeneralizada falta de experiencia no que respecta á técnica e á idoneidade temporal para impartir o folclore, ademais da necesidade de definir unha base teórica curricular que concrete os principios dos aspectos xerais do folclore, para o coñecemento e desenvolvemento das facultades dos estudantes. De aí que os escasos materiais dispoñibles versen sobre aspectos moi precisos deste amplo campo, materiais, por outra parte, que na maioría dos casos non poden ser obxecto dun uso xeneralizado, dado que nin sequera se sole prever a posibilidade do seu tratamento escolar.

Dende o punto de vista curricular, actualmente a Educación primaria e a secundaria tende a introducir na súa programa o ámbito do folclore, especialmente a mitoloxía, e a practicar actividades físicas e psíquicas ligadas á danza e ao desenvolvemento rítmico e melódico. Os educadores empregan para a formación dos alumnos materiais especificamente elaborados para esta etapa, tales como contos, actividades psicomotrices, música, etc., para que deste modo desenvolvan a súa capacidade coordinadora e rítmica, e coñezan parte do corpus espiritual.

## 2. **Obxectivos xerais das ensinanzas**

---

1. As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habitarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

- b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.
- c) Analizar e valorar a calidade da música.
- d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.
- e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.
- f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.
- g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.
- h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.
- i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

2. Nas ensinanzas profesionais de música teranse en conta as especificacións que se establecen na Lei galega 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, e especialmente no seu artigo 9.1º, así como as prescricións do artigo 24 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes como garantía dunha educación acorde co principio de igualdade.

### **3. Obxectivos específicos**

---

#### **3.1 Grao profesional**

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.
- b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable do conxunto.
- e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas exigencias das obras.
- i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

## 4. Secuenciación do curso

---

### 4.1 Obxectivos.

- Apreciar e valorar as manifestacións musicais de tradición oral como parte do patrimonio cultural, entendendo a súa diversidade e amplitude.
- Manexar as ferramentas conceptuais que se recollen nos estudos de etnomusicoloxía, abordando os seus significados teóricos desde o punto de vista antropolóxico
- Proporcionar unha aproximación á historia da música tradicional en Galicia, incidindo nas fontes impresas e fonográficas como parte substancial do patrimonio musical galego.
- Introducirse na investigación etnomusicolóxica mediante o coñecemento dos parámetros formais da música de tradición oral como metodoloxía básica do seu estudo.
- Coñecer os principais xéneros da música tradicional galega con vistas a ampliar a concepción sobre a riqueza desta música.
- Coñecer os principais instrumentos da música tradicional galega, o seu funcionamento a nivel morfolóxico e as súas capacidades a nivel funcional, incluíndo os grupos e repertorios máis habituai
- Participar como instrumentista en diversas actividades prácticas con repertorios dos estudados ao longo do curso, coa finalidade de manexar os parámetros formais que caracterizan a música tradicional galega.
- Combinar, de forma autónoma e con sentido crítico, os diferentes medios que contribúen a ampliar e completar a formación musical, relacionando coñecementos de diversa índole (técnicos, científicos, sociais, históricos...) adquiridos de forma

autónoma (lecturas, investigacións...) noutras materias, ou ben a través da propia experiencia cotiá.

- Contribuír á formación de criterios propios no alumnado á hora de estudar as diferentes manifestacións musicais, así como culturais, propias de Galicia, e valoralas asumindo un rol activo na súa investigación, recollida e transmisión.

## 4.2 Contidos

Unidades didácticas temporalizadas por avaliacións:

### *Primeira avaliación.*

**Unidade didáctica 1.** Música tradicional: evolución e contexto social.

### *Segunda avaliación.*

**Unidade didáctica 2.** Organoloxía: A gaita. Funcionamento, descrición e tipos. A percusión. Outros instrumentos. As agrupacións tradicionais galegas.

**Unidade didáctica 3.** Bailes e cantos na música tradicional galega.

### *Terceira avaliación.*

**Unidade didáctica 4.** Cancioneiro galego de tradición oral: análise e tipoloxías.

**Unidade didáctica 5.** O nacemento e o desenvolvemento do folk.

## 4.3 Avaliación

Realizarase unha avaliación continuada sen exames.

### 4.3.1 Criterios de avaliación

1. Definir, empregando un léxico apropiado, as particularidades teóricas de cada concepto tratado, explicando o proceso que leva ao xurdimento de cada un e referíndose a eles de forma correcta.

Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar e describir os conceptos que informan a base teórica da música tradicional, así como para distinguir os procesos que desenvolven cada postulado teórico.

2. Explicar, empregando un vocabulario axeitado, as características fundamentais de cada período da historia da música tradicional galega establecendo a súa relación coa sociedade no espazo cronolóxico pertinente.

Con este criterio avaliarase a capacidade do alumnado de establecer relacións globais entre as disciplinas asociadas ao estudo científico da música, tales como a historia, a socioloxía, a antropoloxía ou a etnografía, seguindo os criterios empregados na etnomusicoloxía desde os seus inicios ata os nosos días.

3. Recoñecer a través da análise, auditiva ou visual, as características básicas das diversas fontes

que conforman o patrimonio da música tradicional galega, establecendo os parámetros sociais que deron lugar á súa aparición, e situándoas nas súas coordenadas xeográfico-temporais.

Este criterio avalía a capacidade do alumnado para captar as características propias das diversas fontes tratadas, os distintos estilos, contextos e as súas peculiaridades desde un pensamento crítico, sinalando semellanzas e diferenzas entre elas.

### 4.3.2 Mínimos esixibles

Considerarase como mínimos esixibles para a materia:

1. A presentación dos traballos e a súa defensa perante os seus compañeiros.
2. Coñecer os instrumentos fundamentais, os cancioneros e as principais formas musicais da música tradicional galega.

### 4.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación reflexará a participación nas clases, os comentarios realizados polos alumnos así como a presentación de traballos que desenvolvan os contidos traballados ao longo do curso. E obrigada a elaboración dun traballo trimestral. Para a avaliación terase en conta os seguintes porcentaxes:

### 4.3.4 Criterios de cualificación

participación activa no desenvolvemento diario das clases: 40%

Elaboración de Traballos: 40%

Exposicións: 20%

### 4.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Non se contempla para o alumnado deste curso.

## 4.4 Medidas de recuperación

Contemplanse actividades de recuperación e reforzo para alumnos/as coa materia pendependente

#### 4.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios

##### *Recuperación durante o curso.*

Se un alumno non asiste as clases nin presenta os traballos deberá facer un examen cada trimestre para avaliar os seus coñecementos da materia.

##### *Recuperación de materias pendentes.*

Non se contempla para o alumnado deste curso.

#### 4.4.2 Probas extraordinarias de setembro

En setembro realizarase unha proba extraordinaria de todala materia, consistente nun cuestionario con 40 preguntas pechadas e unha audición de música tradicional para comentar, a elixir entre dúas presentadas polo profesor.

### 4.5 Recursos didácticos

- Recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta.
- Fontes manuscritas e impresas: cancioneros.
- Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o coñecemento dos instrumentos musicais da música tradicional galega
- Fontes sonoras: grabacións de cantigas populares interpretadas polos seus inventores, o pobo.
- Fontes sonoras: grabación de grupos especializados na música tradicional galega e no folk.
- Explicacións diarias na aula

## **Bibliografía:**

### **Libros:**

BALTANÁS, E.: Folk-lore, política y Literatura popular en el siglo XIX (cartas inéditas de A. Machado y Álvarez a Teófilo Braga), *Estudos de Literatura Oral* (Universidade do Algarve), 7-8 (2001-2002), pp. 25-44.

CRIVILLÉ, J.: Historia de la música española vol. 7: El folklore musical, Alianza Música, Madrid, 1983.

DÍAZ G. VIANA, L.: Música y culturas: una aproximación antropológica a la etnomusicología, Eudema, Madrid, 1993.

GEERTZ, C.: La interpretación de las culturas, Gedisa, Barcelona, 1992.

FREIRE, P; CANEDA, R.: Bailes, cantos e instrumentos. La música y la danza de Galicia, Gran Biblioteca temática de Galicia, Las gentes, vol. 14. Ea editorial, La Coruña, 2007.

MARTÍ, J.: El folklorismo. Uso y abuso de la tradición tradición, Ronsel, Barcelona, 1996.

NETTL, B. : Música folklórica y tradicional de los continentes occidentales, Alianza Música, Madrid, 1985.

RAMOS, P.: Feminismo y música, Narcea, Madrid, 2003.

### **Cancioneiros:**

MARTINEZ TORNER, E.; BAL Y GAY, J.; estudio crítico de Carlos Villanueva: Cancionero Gallego, Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña, 2007

SCHUBARTH, D.; SANTAMARINA, A.: Cancionero popular galego. Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña, 1986.

PÉREZ BALLESTEROS, J.: Cancionero Popular Gallego y en particular de la provincia de La Coruña, Akal, Madrid, 1979. (Edición facsímil do orixinal de 1886).

SAMPEDRO Y FOLGAR, C.; estudios críticos de Luís Costa, Xavier Groba, José Carlos Valle y Carlos Villanueva ; coordinación Carlos Villanueva: Cancionero musical de Galicia, Fundación Pedro Barrié de la Maza, La Coruña, 2007.

**Artículos en revistas:**

**Pereira González, Fernando**, "Folklore e historia: Sobre algúns usos da cultura popular galega durante o século XIX", *Adra: Revista dos socios e socias do Museo do Pobo Galego*, 0 (2005), pags. 19-32.

**Varela de Vega, Juan Bautista**, "Juan montes y el folklore gallego", *Revista de Folklore*, *Fundación Joaquín Díaz*, 23 (1985), pags. 174-178.

**Díaz G. Viana, L.**, "Los guardianes de la tradición: el problema de la autenticidad", *Revista Transcultural de Música*, 5, <http://www2.uji.es/trans>.

## 5. Metodoloxía

---

A disciplina de Música tradicional galega ten unha carga lectiva de 1 hora semanal, no sexto curso de grao profesional.

Nas clases o profesor realiza as exposicións orais sobre os diferentes contidos do programa. Cada unha destas clases van acompañadas por distintas audicións e análise de partituras do repertorio tradicional galego. Ademais pódese completa-la clase con comentarios de texto referidos a música tradicional galega.

Na clase leeranse artigos en torno a música tradicional, os alumnos realizarán comentarios e o profesor actuará como guía na exposición creativa do alumnado

O alumno atende e anota contidos teóricos, escoita audicións, analiza partituras, le comentarios de texto e emite xuízos de valor sobre os diferentes aspectos propostos.

## 6. Atención á diversidade

---

Non se contempla medida algunha deste tipo xa que o alumnado que cursa esta materia non presenta ningunha necesidade especial en relación coa diversidade.

## 7. Temas transversais

---

Todos os temas transversais, e especialmente os de Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos, a Educación moral e cívica e a educación para a saúde (sobre todo en torno á contaminación acústica) estarán presentes ao longo do curso en todas as unidades didácticas .

### 7.1 Educación en valores

A través da educación transmítense os valores, grazas aos cales é posible vivir en sociedade e participar na vida democrática da mesma. A sociedade reclama da educación a preparación en hábitos de convivencia e respecto mutuo que fan posible

que os nenos e nenas, así como aos mozos de ambos sexos conformen a súa propia identidade, o que lles permita construír a súa relación co medio.

A música é sen dúbida un bo instrumento educativo para alcanzar estas metas. E o é porque a música é a plasmación sonora dos desexos, as opinións. É a traslación ao sentido, ao vivido, a aquilo que queremos expresar. É a creatividade en grado máximo. É, sen dúbida, o desenvolvemento da linguaxe e da imaxinación. É sensibilidade.

A música é arte. Unha arte pensada para ser non só escrito senón escoitado.

Os rapaces e rapazas sensibilizados coa música canalizan moitas veces as emocións a través da linguaxe sonora que lles axuda a entender o mundo e as relacións cos demais.

A educación, neste sentido, ten o deber de non só de ensinar senón de producir aprendizaxe.

As composicións musicais de todas as épocas suxiren e comunican valores, desexos, emocións, beleza, preocupacións. A Historia da música é una ferramenta fundamental para a educación en valores incidindo na educación, nas relacións escolares, no papel do profesor e dos alumnos no contexto educativo, nos métodos e estilos de aprendizaxe, etc.

## **7.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)**

As tíc's estarán presentes coa participación do alumnado nas actividades promovidas na Aula Virtual do Conservatorio así como a utilización de Internet para a recollida de datos co fin de elaborar os traballos do curso.

## **8. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

Asistencia a concertos, conferencias e actividades promovidas polo Conservatorio.

## **9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica**

---

Utilizarase o protocolo, xa empregado no pasado curso, que se presenta como ANEXO I a esta programación.

## **10. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento**

---

Utilizarase o protocolo que será debatido e aprobado en reunión de Departamento antes da realización das probas da primeira avaliación.

## ANEXOS

- Probas de acceso 1º de grao profesional
  - Contidos.
  - Criterios de cualificación.
- Probas de acceso a outros cursos.
  - Contidos.
  - Criterios de cualificación.
- Criterios para a obtención dos premios fin de grao.